

O III Foro da Castaña analizou a evolución do sector

Páxina V



A Festa da Lamprea é de Interese Turístico Internacional

Páxina VI



A Xunta amplía solo industrial para a PLISAN

Páxina VI



O Punto Limpo móbil chega ás parroquias de Salvaterra

Páxina VII



Tui protagoniza documental da TVE sobre os Camiños de Sefarad

Páxina VIII



Nigrán construíra unha escola en Guinea Bissau

Páxina IX



## ENTREVISTA



José Manuel Andrade

Director da Fundación Juana de Vega e coordinador do estudo "Reforma sobre a planta local galega"

### "A actual configuración municipal de Galicia non é viable a medio e longo prazo"

Páxina XIII

### A Xunta investiu oito millóns na conservación de bens na Ribeira Sacra

Páxina III



## MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros  
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,  
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

## OURENSE

## Congreso internacional sobre patrimonio e turismo en Santo Estevo



A Ribeira Sacra reuniu unha trintena de expertos de todo o mundo no congreso internacional de 2023.

Fontes" será o nome do congreso internacional que se celebrará os días 27, 28 e 29 de outubro no parador de Santo Estevo (Nogueira de Ramuín), o mesmo escenario no que o pasado ano se organizou un primeiro encontro internacional con expertos sobre paisaxes culturais da auga coa fin de darlle o respaldo e un importante impulso á candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial.

A directora xeral de Patrimonio Cultural, María del Carmen Martínez, salientou o feito de que o embaixador de España ante a Unesco, Miguel Iceta, amosoulle persoalmente ao conselleiro de Cultura, Língua e Xuventude, José López Campos, a súa intención de asistir a este congreso, cando recentemente lle entregou en París o primeiro avance do expediente da candidatura Ribeira Sacra: Paisaxe da auga.

O encontro internacional contará con especia-

listas culturais e investigadores en bens patrimoniais. Sumaranse tamén representantes de institucións culturais, académicas e das administracións, tanto do eido local como de outras comunidades autónomas. Martínez celebrou a "alta e ampla implicación" de sectores vencellados co patrimonio, coa cultura e co turismo, ao tempo que agradecemos o interese de todos eles "en traballar a prol de revitalizar a candidatura" co obxecto de acadar no Consello do Patrimonio Histórico, que se celebrará en 2026, "este merecido recoñecemento para a Ribeira Sacra".

Finalmente, explicou que a finalidade deste congreso internacional é afondar, establecer sinerxías e debater sobre a xestión e retos dos espazos e enclaves distinguidos como Patrimonio Mundial co propósito de promover estratexias de colaboración entre diferentes actores relacionados coa candidatura da Ribeira Sacra.

## O PSdeG quiere reabrir o Museo Municipal sen actividade desde 2021

O grupo municipal socialista conseguiu o respaldo do resto de grupos da oposición para aprobar a iniciativa que insta ao goberno local a reabrir o Museo Municipal de Ourense e estudar a ampliación das súas instalacións a través da adquisición da Casa das Cadeas. "Propoñemos tamén un enfoque no eido educativo do museo a través da elaboración e posta en marcha de programas dirixidos a estudantes de diversos ciclos", destacou a edil do PSdeG Alba Iglesias.

Incidíu en que sería imprescindible o desenvolvemento de programas conxuntos con universidades e centros de investigación para fomentar o estudo e profundar na historia local, fortalecendo así o vínculo entre o edificio e a comunidade académica e potenciando o seu papel como referente cultural. "E para garantir a calidade e o atractivo das exposicións entendemos relevante a colaboración permanente con historiadores, arqueólogos e expertos en museografía, que colaborarían no deseño dos contidos –combinando rigorosidade académica con elemen-



Museo Municipal e a Casa das Cadeas.

tos interactivos e multimedia para ofrecer tamén entre as súas paredes unha experiencia educativa innovadora e accesible para tódolos públicos", subliñou.

O primeiro de outubro de 2021, o goberno do actual alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, pechou o Museo Municipal coa promesa de trasladar a súa actividade expositiva ao Centro Cultural Ángel Valente para "mellorar a difusión cultural". "Desde entón –lamentou a socialista na súa quenada– este espazo renacentista, restaurado no ano 1985, quedou abandonado e sen un proxecto claro, mentres se prantexaban varias ideas que desvirtuaban o mesmo como destinar a infraestrutura a un museo do Entroido ou do viño".

**SOFRAGAL**  
S.COOP.GALEGA

Parcela 11 Parque Empresarial Nogueira de Ramuín  
Luintra CP 32160 Ourense

sofragal.ribeirasacra@gmail.com tel (+34)606103114

"Recuperando soutos tradicionais da Ribeira Sacra"

**BAR FUENTEFRÍA**

Callos  
Empanadas  
Afumados  
Carnes  
Queixos  
Ensaladas  
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

**1 ANIVERSARIO TIENDA OURENSE**

**25 ANIVERSARIO TIENDA ONLINE**  
RENOVACIÓN EN CURSO...

*Galicia Gourmet*

**DÍA 19 Y 20 DE OCTUBRE**  
DISFRUTA DE OBSEQUIOS,  
DEGUSTACIONES Y  
DESCUENTOS ESPECIALES!

www.productosdegalicia.com

## A Xunta investiu oito millóns na conservación de bens na Ribeira Sacra

**M**aría del Carmen Martínez, directora xeral de Patrimonio, referendou o compromiso do Goberno galego na recuperación do valioso patrimonio cultural que atesoura a Ribeira Sacra para potenciar a súa candidatura a Patrimonio Mundial para Unesco. Unha aposta na que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten investido preto de 8 M€ dirixidos á conservación e posta en valor de máis de 40 bens deste territorio das provincias de Ourense e Lugo.

Martínez acudiu á presentación da mecanización dos relicarios da igrexa do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín). Neste senso, subliñou o “importante investimento próximo aos 300.000 euros” que nos últimos anos ten realizado o departamento de Patrimonio Cultural da Xunta para a restauración e conservación deste Ben de Interese Cultural. En concreto, para obras na sancristía e o coro da igrexa, que foron cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.



Aneis que pertenceron ós Bispos Santos enterrados no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

A directora xeral lembrou que a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Sil é un dos exemplos de arquitectura románica máis relevantes da Ribeira Sacra, cuxa candidatura a Patrimonio Mundial pola Unesco partiu do Goberno galego en 2017, “co firme convencemento de que reúne todos os requisitos e valores para conseguir este recoñecemento en 2026”, aseverou.

“Este compromiso mantense vixente na actualidade”, remarcou a directora xeral de Patrimonio. De feito, salientou que as contas destinadas a tarefas de conservación e posta en valor do patrimonio cultural galego “elevouse nos orzamentos deste ano un 7 % alcanzando os 10,4 millóns de euros, dos cales unha parte importante son para bens situados na Ribeira Sacra”.

## Viños Ribeira Sacra premiados no Mundial deas Vins Extrêmes

**A** Denominación de Orixe Ribeira Sacra logrou excelentes resultados na recente edición do Mundial deas Vins Extrêmes 2024, un certame enolóxico de referencia mundial para os viños producidos en rexións de montaña ou mediante viticultura heroica. Este ano, o evento celebrouse no Val de Aosta, Italia, unha rexión alpina coñecida polos seus viñedos en pendentes pronunciadas.

Participaron 356 adegas de 25 países e un total de 1.015 viños rexistrados. O xurado, composto por 50 técnicos catadores internacionais, outorgou 64 Grandes Medallas de Ouro e 241 Medallas de Ouro, entre outros premios especiais.

De Ribeira Sacra participaron 16 adegas cun total de 39 mostras que recibiron varios galardóns: 2 gran medalla de ouro e 11 medalla de ouro, subliñando a calidade e o carácter distintivo desta denominación.

Gran Medalla de Ouro: Godello Pazo da Meiga 2023 de Pazo da Meiga S.L.U. (Sober, Lugo). Mencía Quitapesares 2020 de Adegas Vella Xeracions S.L. (Abeleda. A Teixeira). Medalla de Ouro: Vía



Quitapesares. Mencía de Adegas Vella, Gran Medalla de Ouro.

Romana Mencía A Heroica 2019 de Adegas e Viñedos Vía Romana (Chantada, Lugo). Lousas e Xistos 2021 de Adegas Ponche dá Boga S.L. (Castro Caldelas, Ourense). Brancellao 2022 de Pazo da Costa (Ribas de Sil). Mencía Don Xoán 2023 de Adegas Gullufre (Sober, Lugo). Mencía Prómene Singular 2023 de Adegas Petró S.L. (Doade, Sober, Lugo). Mencía Don Bernardino Ibio 2021 e Mencía Don Bernardino Carcava 2023 de Don Bernardino (Sober, Lugo). Mencía Don Cosme 2022, As Covas 2019 e Godello Inseparables 2021 de EDV S.L.U. (Quiroga, Lugo). Orixe 2020 de Regina Viarum S.L. (Sober, Lugo).

**TABERNA A LAREIRA**  
Churrasco. Parrillada. Polbo.  
Tfno 617 64 93 88.  
Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

**acouBAR**  
Comida tradicional galega  
Especialidade: Cachopo.  
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

**D'AURIA**  
Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos  
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

**JEDA KAFFEE**  
Desaiunos Petiscos de degustación  
Rúa Prego de Oliver, 1 O COUTO (Ourense)

## OURENSE

## O Pereiro pide a Fomento a cesión da travesía de Melias

O Concello do Pereiro de Aguiar aprobou en sesión plenaria a solicitude de cesión ao Ministerio de Fomento da travesía de Melias (antiga N-120A), para que esta vía pase a ser de titularidade municipal e se lle aplique a normativa municipal, moito menos restrictiva e lesiva que a normativa estatal pola que se rexe na actualidade.

A corporación municipal aprobou a cesión definitiva da parcela para construír o instituto do Pereiro, co cal se cumpre o último trámite por parte do Concello. Aprobouse tamén o proxecto de adquisición da parcela para a construción dun parking próximo ao Parque Acuático para poder aumentar o número de prazas de aparcamento desta instalación tan importante e que tanto éxito de público tuvo xa este verán onde superou todas as expectativas previstas.

Tamén se aprobou a axenda urbana e funcional de Ourense SUR, coa planificación de programas dos Concellos de San Cibrao, Pereiro, Barbadás e Ourense para poder acometer infraestruc-



Antigua estrada nacional 120A ao seu paso pola localidade de Mélias.

turas importantes accediendo a fondos europeos

Pola súa banda a Xunta de Galicia ratificou a concesión de subvención para adaptar a pellets as caldeiras de gasoil do centro de día e a escola infantil. Preto de 100.000 euros que suporán un paso moi importante para: o aforro por a substitución de gasoil por pellets, eficiencia energética e desarbonización do Concello.

Un total de oito locais sociais resultan beneficiarios da orde de subvencións da Xunta para mellora

de locais sociais e equipamentos dos mesmos. Trátase dos locais das asociación veciñais da Veiga de Abaixo, Tapada de Bouzas, Monterrei, Loñoá, Calvelle, Tibiás, Cachamuíña e Lamela. O obxecto das subvencións concedidas é mellorar a accesibilidade así como a eficiencia enerxética, e dotar a estes locais veciñais do equipamento necesario para realizar as súas actividades. Con estas subvencións, O Pereiro alcanzará a renovación de 16 locais sociais cun investimento superior aos 550.000 euros.

## O instituto do Pereiro de Aguiar a licitación



Conseleiro e alcalde visitando a parcela para a construción do instituto.

Román Rodríguez, conselleiro de Educación, e alcalde do Pereiro de Aguiar, Luís Menor, anunciaron a licitación da redacción do proxecto para construír o que será o primeiro instituto público deste concello ourensán. Terá capacidade para 320 alumnos e se prevé que abra para o curso 2026/27.

“Damos resposta á crecente demanda de prazas neste concello, evitando que o alumnado se teña que desprazar a Ourense, como ocorre neste momento, para cursar ESO e Bacharelato”, sinalou o responsable de Educación do Goberno galego.

Este compromiso deriva do protocolo asinado co Concello o pasado mes de decembro para ampliar o Colexio CEIP Pluriingüe Ben-

Cho-Shey e para estudar as posibles vías de implantación da Educación Secundaria no municipio.

O investimento previsto supera os 9M€ e o prazo de execución das obras será de 18 meses. Contará con aulas para oito grupos de ESO e catro de Bacharelato. O Concello cederá á Consellería unha parcela de 20.000 m<sup>2</sup>.

O centro disporá dunha superficie útil de 3.276,4 m<sup>2</sup>. Ademais contará con aulas de apoio educativo e desdoubles, así como outras para música, tecnoloxía, plástica, laboratorios, seminarios.... Tamén albergará un espazo aberto e multifuncional de foro, seguindo os parámetros do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, biblioteca, ximnasio, aseos vestiarios, tanto estándar como adaptados.

**Café Pereiro**  
O teu lugar de encontro  
Tfno. 988 25 93 84  
32710 O Pereiro de Aguiar - Ourense

**SANTABAIA RESTAURANTE**  
Fins de semana e festivos  
menú especial  
Churrasco para levar  
Menús diarios  
Carta

Santabaia, 6. Tfno. 988 38 02 54. O Pereiro de Aguiar

**MERCA NO PEREIRO**  
Produtos e Servizos Locais

**Concello do Pereiro**  
info@concellopereiro.com  
Tel / Fax  
988 259 385  
988 259 395  
Praza do Concello, 1  
32710 O Pereiro de Aguiar  
Ourense

## O III Foro da Castaña analizou a evolución do sector a nivel internacional

O Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), organizou a terceira edición do Foro da Castaña que se centrou en ofrecer unha visión da evolución do sector a nivel internacional, nas demandas dos operadores comerciais respecto ás variedades e calidades do produto, así como á formación práctica en temas como a poda ou os enxertos para unha adecuada xestión dos soutos por parte dos produtores.

Rosendo Fernández, presidente do Inorde, inaugurou o foro no edificio multiusos de Riós, xunto á alcaldesa, Eva María Barrio, e ao director xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, José Luis Chan. Fernández dixo que este

foro, "que organizamos no marco do convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento agroforestal, intentará servir para establecer unha comunicación fluída entre todos os axentes que interveñen na cadea de produción de castaña, dende o produtor ata a segunda industria transformadora". Destacou a idoneidade de celebrar este foro en Ourense, "unha das principais produtoras de castaña de Galicia, e máis en concreto en Riós que conta cunha gran presenza de soutos".

Participaron máis dun centenar de profesionais, entre produtores de castaña, propietarios individuais ou agrupacións propietarias de soutos en Galicia e representantes de empresas privadas e



Visita á Sociedade Cooperativa Galega Sofragal de Nogueira de Ramuín.

entidades públicas que traballan nalgún ámbito vencellado a este sector para analizar temáticas técnicas e prácticas que inciden no axeitado desenvolvemento das producións.

Presentouse o proxecto "AccelerOU" da Deputación co que está

a impulsar a transformación dixital das pequenas empresas, autónomos e emprendedores ourensáns. A continuación retomaranse os relatorios con "Prodemia da castaña provocada por Gnomoniopsis smithogilvyi" e o "Estado do castiñeiro no mundo: unha perspec-

tiva global", ambos a cargo de José Gómez Laranjo da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), e co relatorio sobre "A castaña e a súa comercialización: variedades e calidades" da man da xerente de Cuevas y Cía, Rocío Cid.

Os participantes realizaron unha visita técnica á Asociación de Proprietarios de Soutos de Parada de Sil, unha agrupación forestal de xestión conxunta. Desprazáronse á nave de clasificación, o sequeiro de castaña, plantación nova de castiñeiros, soutos tradicionais e o Castiñeiro Milenario de Entrambosríos e coñeceron a Sociedade Cooperativa Galega (SOFRAGAL) en Nogueira de Ramuín, que está dedicada á comercialización e transformación da castaña.

## Xantar 2024 busca a Mellor Hamburguesa de Galicia

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, celebra a súa 25ª edición en Expourense entre o 24 e o 27 de outubro. Unha das actividades para festexar estas vodas de prata do salón será o "I Concurso Mellor Burger de Galicia" que está promovido polo chef Martín Fernández, do Restaurante Bâgoa de Ourense, que é o autor da "Mellor

Hamburguesa Gourmet de España 2024".

Este concurso, que se celebrará o sábado 26 de outubro en Xantar, conta coa colaboración de Expourense e da Unión de Hostaleiros Ourenseiros (UHO).


O concurso está aberto a profesionais da hostalería de toda Galicia que poden incrírse ata o vindeiro día 20 de outubro.

Cada participante terá que presentar unha hamburguesa inédita e orixinal, que non sexa copiada nin que xa estea incluída no menú do restaurante do participante. Os ingredientes empregados Terán que ser, nun mínimo do 80%, produtos galegos.

Contará cun xurado profesional e a entrega de premios terá lugar o domingo 27, durante o acto de

clausura de Xantar 2024.

Haberá tres clasificados (1º, 2º e 3º posto) que recibirán de premios varios lotes de produtos das empresas colaboradoras do Concurso (Coren, Carnes Parente, Queixos Amalia e o propio Restaurante Bâgoa. As bases de participación e o formulario de inscrición están dispoñibles en [www.xantar.org](http://www.xantar.org)



ACTIVIDADE ESPECIAL 25º ANIVERSARIO: I Campionato de Galicia de Tortilla de Patacas (Puntuable para o Campionato de España)



RESTAURANTES CHEFS INTERNACIONAIS DEGUSTACIONES

**Xantar** CATAS DESTINOS TURISTICOS CONCURSOS

**25º Salón Internacional de Turismo Gastronómico**  
Ourense, do 24 ó 27 de outubro de 2024

ORGANIZA: Expourense

CO APOIO DE: XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN OURENSE, OURENSE, Concello de OURENSE, ourense

[www.xantar.org](http://www.xantar.org)

## CONDADO/PARADANTA

## A Festa da Lamprea xa é de Interese Turístico Internacional

Este 27 de setembro, no Teatro Real de Madrid, o alcalde de Arbo, Horacio Gil, recibiu do Ministro de Industria e Turismo e da Secretaría de Estado de Turismo, o Diploma da Declaración da Festa da Lamprea de Interese Turístico Internacional, con motivo do Día Internacional del Turismo, o que acredita o arraigo, historia tradición e cultura da Vila de Arbo.



## A Xunta amplía solo industrial para a PLISAN

A Xunta de Galicia abriu ata o 31 de xaneiro de 2025 o prazo de presentación de ofertas para a ocupación de preto de 100.000 m<sup>2</sup> de solo industrial na plataforma loxística e industrial de Salvaterra de Miño-As Neves (Plisan), tal e como recolle o Diario Oficial de Galicia (DOG) tanto en réxime de compravenda como en dereito de superficie.



Esta iniciativa vai en liña coa nova medida aprobada pola Xunta de poñer á disposición do tecido empresarial galego máis de medio millón de metros cadrados de solo industrial grauíto durante os primeiros oito

anos. Actualmente, xa están adjudicadas un total de 13 parcelas que ocupan: Albo, Lonza Biológicos, Frinsa, Gainsler Instalaciones, o Grupo Tecnolóxico Arbinova e o Centro Loxístico da Plisan. En concreto, están vendidos 40.921,85 m<sup>2</sup> e 179.366,71 m<sup>2</sup> están adjudicados en dereito de superficie.

## Intercambio estudantil co Instituto Kopernikusschule Freigericht

Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, e a concelleira de Educación, Lorena Soto, recibiron no Salón de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño ó grupo de alumnos e alumnas de intercambio do Instituto Kopernikusschule Freigericht procedentes da localidade de Freigericht en Alemaña, xunto co coordinador de Proxectos Internacionais do IES Salvaterra de Miño, Demetrio Prego



Os 17 rapaces e rapazas que estudan español como segunda lingua que veñen acompañados de 2 profesoras que coñecerán durante os próximos días o noso municipio e visitarán outros

puntos importantes da comunidade pasando a súa estancia con familias do noso Concello. En Salvaterra de Miño xa visitaron o recinto amurallado ademais do

Museo da Ciencia do Viño e nos vindeiros días coñecerán o Espazo Termal de Teáns Oleiros e o seu entorno.

## Arbo amplía programa de compostaxe

O Concello entregará composteiros individuais a veciños que non o solicitan, no marco dunha nova campaña que ten por obxecto extender as prácticas de autocompostaxe a distintas vivendas unifamiliares do

municipio de cara a lograr unha xestión máis sostible do lixo.

A función dos composteiros, de 400 litros e fabricados con materiais reciclados e reciclables, é posibilitar a fermentación controlada dos restos orgánicos para

a súa transformación en compost, un abono natural con excelentes propiedades fertilizantes e que se vén aplicando na agricultura e a xardinería. Os interesados recibirán os composteiros por orden de Rexistro de Entrada.

## Instalacións de aerotermia nas Neves

A Deputación de Pontevedra aprobou destinar 5.000 euros a completar o orzamento do proxecto de aerotermia que se desenvolverá no Concello das Neves. A iniciativa ten un orzamento próximo aos 65.000 € e conta cunha axuda de 55.000 € do programa DUS5000 do Instituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético (IDAE). O Con-

cello achega 4.500 € e a Deputación completa o investimento con eses 5.000 €.

O obxectivo destas obras é realizar as instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica na Casa do Concello e no Centro Cultural das Neves, co obxectivo de favorecer o desenvolvemento de proxectos que reduzan as emisións de CO<sub>2</sub>.

## Melloras nos accesos a Eidos de Arriba

O Concello de Arbo levou a cabo importantes melloras nos viais de acceso aos Eidos de Arriba na parroquia de Sela. A actuación supuxo un investimento de 108.250,30 €, financiado pola Deputación de Pontevedra e tiña como obxecto a reforma os accesos da Igrexa de Santa María de Sela ao seu paso polo núcleo de Eidos de Arriba, así coma os



espazos públicos existentes no seu percorrido que contan cun gran valor patrimonial.

Asesoría Técnica Agrícola

**AGROITIS**

Telfs.:  
Oficina: 986 642 507  
Pancho: 616 940 394  
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista  
Delio Rodríguez nº4 baixo  
36860 Pontearreas  
agrovitis@agrovitis.es  
www.agrovitis.es

CERRAJEROS  
Y MULTISERVICIOS HOGAR

**O REMENDÓN**

637 764 865  
www.cerrajeroremendon.es

24h.

**ELECTRICIDAD**  
IN.M.A.C.

**CONDADO S.L.**

Calefacción eléctrica  
Instalaciones y montajes eléctricos  
Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185  
Pol. industrial Chan da Ponte  
36450 - SALVATERRA DE MIÑO

## Iluminación LED en todas as parroquias de Salvaterra

Salvaterra de Miño inicia as obras de cambio a led en todas as parroquias do municipio, despois de conseguir unha subvención para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, por un importe de 2.143.944,25€.

A actuación que acaba de arrancar na parroquia de Uma, prevé actuacións nos 76 cadros de mando, a instalación de 4.996 puntos de luz de led, o cambio de redes



eléctricas danadas, cambio de soportes de brazos e tomas de terra. Contemplándose tamén a unificación de todos os puntos, a me-

llora de iluminación nos campos de fútbol do Casal e do Oural, pistas deportivas e elementos patrimoniais do municipio.

## 53.000€ para instalar contadores intelixentes no rural

O Concello de Salvaterra impulsa un plan de modernización do sistema de contadores no rural que segue ampliando este ano, coa instalación de 247 contadores intelixentes nas parroquias de Pesqueiras, Meder e parte de Fornelos, sumándose aos 150 instalados xa en Lourido, Soutolobre e Corzáns.

Estas obras se enmarcan dentro das directrices marcadas pola Auditoría Municipal de Abaste-

cemento e o Plan de actuacións do Concello para reducir as perdas de auga, aprobado en novembro do ano 2022, que establece a orientación da inversión necesaria e unha programación temporal de inversión. Estes contadores electrónicos, equipados con módulos de comunicación, permitirán realizar lecturas diarias, proporcionando información sobre os volumes de auga consumidos polos usuarios de maneira automática.

## Club de Lectura na Biblioteca

O Concello de Salvaterra de Miño informou que durante os próximos meses levará a cabo un club de lectura na Biblioteca Municipal de Salvaterra. Este espazo busca así ofertar actividades para todas as idades e continuar atendendo ás demandas dos veciños e veciñas. Cada vez son máis a persoas que se achegan ata a Biblioteca, onde no pasado mes de agosto se rexistraron máis de 300 usuarios que acudiron a utilizar o servizo de préstamo de libros, facer consultas ou estudar



## Punto Limpo móbil nas parroquias

O Concello de Salvaterra ven de recibir un vehículo 100% eléctrico con gancho multifift e dúas caixas de recollida de residuos que servirá para desprazarse polas parroquias do municipio como Punto Limpo Móbil para a recollida de residuos urbanos non convencionais. O vehículo foi adquirido a través dunha subvención por parte da Xunta de Galicia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU.

Ademais adquiríronse elementos de información e a formación do persoal encargado do servizo por un importe de 71.380,00€, financiado en 63.528€ pola Xunta



e cofinanciada en 22.840€ polo Concello.

A ruta iniciase o 15 de outubro en Porto e pasará nesta primeira

quenda polas parroquias de Arantei, Cabreira, Alxén, Pesqueiras, Soutolobre, Lourido, Fornelos e Lira.

## O Módulo de carpintaría co Nadal

A concelleira de Educación, Lorena Soto, mantivo unha reunión co profesorado e alumnado do módulo de Carpintaría do IES Salvaterra de Miño para avanzar nos traballos de cara o Nadal. Como ven facendo desde fai xa oito anos, o Concello cola-

bora con eles na elaboración da decoración que se ubicará en diferentes puntos do casco urbán.

Os pingüíns de Madagascar, o Grinch ou a carroza ubicada na Praza do Concello e o trineo en Marqués de Viana foron algúns dos traballos realizados durante

os últimos anos e que sorprenderon a todos. Este ano farase de novo un acto para inaugurar a decoración da Praza do Concello na que tamén participarán os centros educativos, a Asociación Avelaiña ademais do módulo de Carpintaría do IES.

## Alfabetización dixital para maiores

O Concello de Salvaterra organiza en outubro e novembro, en colaboración coa asociación Secot, unha formación en novas tecnoloxías para maiores dentro do programa "Conectando Mayores".

O curso terá lugar os días 21 e 22 de outubro na Casa do Maior en Leirado e o 4 e 5 de novembro na Biblioteca Municipal

de Salvaterra en horario de 11:00 a 12:30 horas. A actividade totalmente gratuíta ten como fin incorporar o coñecemento das tecnoloxías de comunicación móbiles ós maiores para que utilicen os dispositivos (Smartphone e Tablets) na súa vida cotiá como ferramentas de apoio e en concreto no uso da banca móbil e compras online.

 **mifollas**

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontareas

[mifollas@mundo-r.com](mailto:mifollas@mundo-r.com)

**Agrícola**  
**"A Sementeira"**

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA  
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09  
c/ Rúa Galicia, 2 Baixo - SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

**MARANTÍA**  
**SEGUROS**

Telf: 986 659 101  
[pino.rodriguez@occident.com](mailto:pino.rodriguez@occident.com)  
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3  
SALVATERRA DE MIÑO

## BAIXO MIÑO

TUI

## Documental da TVE sobre os Camiños de Sefarad

Tui será protagonista da serie documental "Caminos de Sefarad, diario dunha ciclista II", que foi estreado o pasado 6 de outubro en La2 de TVE, conducido pola xornalista especializada en ciclismo Ainara Hernando. O episodio de Tui emitirase o domingo 13 de outubro.

"Caminos de Sefarad, diario dunha ciclista II", producida por Surf Channel e dirixida por Salva Ruíz, consta de trece capítulos orientados a descubrir o legado e a cultura sefardí. En Tui estiveron gravando en outubro de 2023,



onde percorreron o río Miño en piragua, a Catedral, da man do historiador Suso Vila, os Sambe-

nitos, e outros elementos ligados á presenza xudía e criptoxudía na cidade.

## Reabre o Mercado de San Antonio

Un acto cun carácter marcado festivo e gran afluencia o Concello de Tui inaugurou o mercado municipal de San Antonio tras as obras de renovación da praza que supuxeron un investimento superior ao 1,3 millóns de euros.

No acto de inauguración o Alcalde Enrique Cabaleiro estivo acompañado da concelleira de Comercio, Ana Núñez, a deputada de Turismo, Nava Castra, Gabriel Alén, director xeral de Comercio e Consumo da Xunta e Abel Losada, subdelegado do goberno, entre



outros. No acto tamén interviron a cantante Sheila Patricia, o grupo Arranaxestas e Nuno Louro, re-

alizáronse actividades de animación infantil e abriuse un novo espazo gastronómico.

## Turismo aumenta un 17,75% co respecto a 2023

A Oficina Municipal de Turismo de Tui ten atendido ao longo do pasado mes de setembro a un total de 4.410 visitantes, o que representa un incremento do 17,75% en relación ao mesmo mes do pasado ano 2023 en que se achegaran en demanda de información un total de 3.475 visitantes.

No desglose dos datos ofrecidos por esta Oficina de Turismo tudense pódese comprobar como destes 4.410 visitantes un total



de 1.115 eran peregrinos e 3.295 turistas o visitantes. A nivel nacional destacan Madrid, Asturias, Toledo, Granada, Barcelona, Mur-

cia, Alacante e Málaga. A nivel internacional destacan EEUU, Alemaña, Portugal, Italia, Reino Unido, Francia e Arxentina.

## Penedo e Montño gozan de parques biosaudables



O Concello de Tui renovou os elementos biosaudables do parque do Penedo, e de instalar novos elementos no do Montño cun investimento de 11.316 € procedentes do reinvestimento dunha baixa do Plan Concellos 2022 da Deputación.

En Penedo foron renovados os oito elementos de biosaudables, instalándose temón, vo-

lante, estiramento de pernas, esquí de fondo, patinetes, abalo, bicicleta e remo. Neste punto tamén foron instalados dous elementos adaptados a cadeira de rodas, un con volante e rodas xiratorias e outro de disco e pedal de brazo. Mentres no parque do Montño, en Rebordáns, instaláronse tres novos elementos. Trátase dun temón, un volante e un abalo.

## Mes da Biblioteca

A Biblioteca Municipal de Tui celebra o Mes da Biblioteca cun programa de actividades para todas as idades do 11 até o 25 de outubro, aproveitando a celebración o 24 de outubro do "Día da biblioteca".

Entre as actividades destacan contacontos incluso da man de contAZ; o espectáculo "Filipacos contos" con Bandullo Azul;

Fantoches Baj presentarán o contacontos "Burromaquia"; a celebración o 16 de outubro do "Día das escritoras" dedicado a autora tudense Emilia Rosende; Clubs de Lectura cun encontro coa escritora Rexina Veiga; e a mostra de gravados "A exposición sequestrada. Estampa Popular Gallega. Tui - 1968" na Sala Municipal de Exposicións.

## Ouro para Lara e Dani

Lara Martínez Pérez e Dani Rodríguez Bouzada do Club Kayak Tudense proclamáronse Campións de España por Seleccións Autonómicas formando parte da representación galega.

Na competición celebrada na canle olímpica de Castelldefels,

Lara Martínez Pérez logrou a medalla de ouro no K4 500 m Infantil xunto a Sofia Vallejo, Lara Abuín e Claudia Lamas. Mentres Dani Rodríguez Bouzada foi tamén medalla de ouro no C4 500 m Infantil con Gabriel Cascallar, Pablo Castiñeiras e Mateo Yáñez.

**GASOLEOS TEA**  
Distribuidor oficial REPSOL para:  
**CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**  
**SERVICIO A DOMICILIO**  
PONTEAREAS | 986 66 13 90  
986 66 13 89  
A GUARDA | 986 61 43 61  
REPSOL

**LIMPIEZAS PONTEAREAS**  
Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,  
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas  
986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com  
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas



TUI

## 40º aniversario da primeira peregrinación polo Camiño Portugués

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, destacou a importancia do Camiño Portugués e as súas variantes na provincia durante o acto do 40º aniversario da primeira peregrinación a Santiago de Compostela impulsada pola asociación Amigos dos Pazos.

Esta peregrinación supuxo “unha aventura que comezaron pouco máis de 20 persoas naquel ano 1984 e que no que vai de ano xa a teñen completado máis de 145.000 peregrinos”, sinalou o mandatario provincial para recoñecer o labor do colectivo que recuperou o Camiño Portugués. López entregou as Vieiras de Honra aos peregrinos que com-



pletaron o camiño hai corenta anos nunha cerimonia na que tamén entregaron galardóns o presidente da Xunta, Alfonso Rueda,

a presidenta da Asociación Amigos dos Pazos, Montserrat Maneiro e o Alcalde de Tui, Enrique Cabaheiro.

## Volve a exposición “Estampa Popular Galega”

Nacida dunha colaboración entre o Concello de Tui e a Fundación Xavier Pousa, o 27 de setembro foi inaugurada na Sala de Exposicións no edificio Francisco Sánchez, a mostra “A exposición secuestrada. Estampa Popular Galega, Tui-1968”.

Esta mostra, que estará ata o 26 de outubro, está comisariada por Xosé Enrique Acuña e recupera a versión orixinal que en setembro de 1968 fora prohibida polas autoridades franquistas tras ser programada no desaparecido Restaurante-Bar Galicia de Tui despois



de que previamente percorrera sen especiais problemas outras localidades galegas.

A Estampa Popular Galega (EPG) foi un movemento artístico de vangarda encabezado por Raimundo Patiño e Xavier Pousa creado en 1968 onde se agrupaban un grupo de pintoras e pintores descontentos co réxime franquista e que como norte teórico tiñan a intención de “achegar a arte ao pobo”. A EPG seguía a estela dunha serie de movementos semellantes que se desenvolveran por toda España desde 1959.

## Dimite a concelleira Dolores Soto (PP)

A concelleira do PP de Tui, Dolores Soto, presentará a súa renuncia á acta municipal no próximo pleno do Concello de Tui “por razóns profesionais e de conciliación”. O seu posto no Grupo Popular será ocupado por Adrián Vila, un recoñecido hostaleiro e barista gañador de diferentes premios nacionais e internacionais. A edil agradeceu ao voceiro do PP tu-



dense, Nico Montes a confianza depositada na súa traxectoria.

## “EmpregaIA” dirixida a mulleres

A Aula Cemit celebrou este 27 de setembro a formación “Emprega IA. Marca persoal e Intelixencia Artificial para o crecemento profesional das mulleres”, impartida por profesionais de Kidcode.

Este programa está deseñado para axudar ás persoas a me-

llorar a súa estratexia de empregabilidade a través da Marca Persoal Dixital e as ferramentas de Intelixencia Artificial así como optimizar o currículo, o perfil en LinkedIn, definir itinerarios profesionais con IA e coma utilizar a plataforma Emprega IA.

## En Tui queren seguir estudando portugués



O alumnado do IES San Paio concentrouse en defensa do seu Departamento de Portugués, pioneiro en Galicia na ensinanza deste idioma, ante as expectativas de

supresión da mesma. Esta aula, que imparte clases de portugués a un centenar de alumnos, é relevante pola proximidade xeográfica con Portugal e a intensidade da Eurocidade Tui-Valença.

# PFC Condado

**+55**  
Pompas Fúnebres  
del Condado  
2019 November 2019

Gracias

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

## BAIXO MIÑO

## Pacto de Amizade para recuperar a memoria das telleiras

Os Concellos do Rosal, A Guarda e A Laracha deron un paso máis na súa irmandade arredor das tellas cun acto celebrado neste municipio coruñés no que asinaron un Pacto de Amizade para a recuperación das memorias das telleiras. Autoridades, cabaqueiros rosaleiros e familiares participaron nun acto de irmandade que rematou coa presentación do libro de Xabier Maceiras, que puxo en valor o patrimonio material e inmaterial que compartiron durante décadas vinculado ás antigas telleiras.



## Convenio con ACOUGO

O Concello da Guarda asina un convenio de colaboración con Acougo, a Asociación galega de familias de acollida. O obxectivo é fomentar programas de atención, formación e difusión en materia de protección de menores, así como medidas específicas para o acollemento familiar.

Con esta colaboración preténdese crear novas oportunidades de formación e sensibilización tanto para profesionais no sector como para novas familias locais interesadas no acollemento familiar. Un primeiro paso para dar



a coñecer o labor desta asociación na Guarda, foi a súa participación na V Mostra Asociativa no pasado

mes de setembro, onde moitos descubriron a importante acción social de Acougo.

## Tres oportunidades laborais para mozos titulados

O Concello de Tomiño anunciou a contratación de tres persoas desempregadas para brindarlles a súa primeira experiencia profesional, no marco do programa '+Empreganos Concellos', unha iniciativa da Deputación de Pontevedra para mellorar a empregabilidade de

mozas con titulación universitaria.

A través desta oportunidade, os seleccionados, que deberán estar rexistrados como demandantes de emprego na Oficina de Emprego de Tui, terán a posibilidade de adquirir experiencia laboral durante un ano, en con-

tratos a tempo completo que comezarán o 1 de novembro de 2024.

Para esta convocatoria, búscanse tres perfiles profesionais específicos: Técnico Medio en Contabilidade Xeral, Técnico Medio de Administración Xeral e Xestor/a Cultural.

## O Rosal rexeita a subida unilateral do canon de Sogama

O Goberno municipal aprobou en pleno cos votos en contra do Partido Popular unha moción amosando o seu total desacordo co novo incremento do canon do lixo, unha subida acumulada do 60% proposta pola Xunta e que suporá para O Rosal un incremento repentino e unilateral de máis de 70.000€ que repercutirá



directamente no incremento do custo para os propios veciños e veciñas.

## BTT Transibérico 2024 na Eurocidade Cerveira-Tomiño

Ciclistas de España e Portugal uníranse o 19 de outubro no BTT Transfronteirizo 2024, unha experiencia posta en marcha pola Eurocidade Cerveira-Tomiño que se converterá nunha auténtica viaxe de descuberta da contorna para amantes do ciclismo.

O percorrido está deseñado

para explorar a cultura, a historia, a gastronomía, as tradicións e a contorna natural da Eurocidade ao tempo que se dinamizan o comercio e a hostalería. A iniciativa é promovida polos concellos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño, organizada en colaboración das entidades cerveirense Pedal'Arte e tomiñesa Colibrí ACDR.

## O Concello de A Guarda e Avelaiña fortalecen lazos



O Alcalde da Guarda, Roberto Carrero, e a concelleira de Política Social, Isabel Guisande, visitaron á Avelaiña Asociación Saúde Mental percorrendo o Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral para coñecer o seu labor e a experiencias das persoas usuarias. Ademais, visitaron o obradoiro

de artesanía onde elaboran pezas artesanais moi fermosas. De feito, moitos trofeos de eventos deportivos da comarca levan a súa sinatura. Finalmente, mantívose unha reunión co xerente, coa presidenta de Avelaiña e co responsable do CRP para falar dos convenios que manteñen ambas organizacións.

**globaltea**  
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS  
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA  
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS  
**BARCO LEÓN**

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas  
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caliza



## Nigrán construíra unha escola en Guinea Bissau

O Concello alcanzará 30.000€ para a construción dunha escola na localidade de Pessangue, en Guinea Bissau, no marco da convocatoria de cooperación internacional. A iniciativa xorde trala recente viaxe do seu Alcalde, Juan González, a esa país da África lusófona como presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, cuxo obxectivo foi a supervisión da dotación de auga potable na zona. Guinea Bissau ocupa do décimo lugar no ránking de países máis pobres de acordo a ACNUR.



## 4.585 persoas pasaron pola oficina de turismo de Oia



Un total de 4.585 persoas foron atendidas pola oficina de turismo de Oia durante a campaña de verán desde ano 2024, que se desenvolveu desde o 8 de xuño ata o 8 de setembro. Destacaron turistas provenientes de Portugal, Estados Unidos, Alemaña, Italia, Polonia e Inglaterra, Madrid, País Vasco, Andalucía e Castela León, entre outros.

Na tempada destacou especialmente a demanda do servizo por parte de peregrinos, os cales supuxeron un total de 2.862 persoas, mentres que os turistas foron un total de 1.723. Con estes datos, que confirman as tendencias rexistradas en anteriores veráns, Oia reafirma a súa posición como punto de referencia no Camiño Portugués da Costa.

## Exposición do Eixo Atlántico Galicia-Portugal

O Multiusos Mercado de Sabarís en Baiona acolle ata o 28 de outubro a exposición de pintura e escultura "Eje Atlántico, Galicia-Portugal". De carácter gratuito, a exposición mostra obras de 17 artistas de Galicia e de Portugal. Na inauguración estiveron presentes o Alcalde do Concello de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña, a concelleira de Cultura, Policarpo Vilar Misa e o Cónsul portugués en Vigo, Jorge Fonseca, en repre-



sentación da Embaixada de Portugal.

Os 17 artistas que exhiben as súas obras son Eduardo J. Ortún, Roberto Nogueiras Souto, Jorge Miguele Almeida, Julia Barreiro Manzano, Gabriela Carrascalão, Rafael Freijeiro, Anxos Jorreto, Chity Bao, Fernando Velloso, Tino Canicoba, Rodinhas, Jose Miranda, Armando Martínez, José María López-Orozco, Albertina Tavares (Anit); Carla Viso; José Cerdeira.

## Prevenção contra incendios en Oia

O Concello realizou diversos labores de limpeza en vías e camiños de titularidade municipal na Estrada Bonaval-Vilachán do Monte, Estrada A Portela con Aldea, Estrada de Mavia a Loureza e Estrada Galgueiro e Camiño das Chans ata a EP-2202 Baiona-Loureza como parte das actua-

cións que, ao longo do ano, se desenvolven en materia de prevención de incendios forestais. As actuacións contan cunha subvención de 1.600 euros da Consellería de Medio Rural para accións de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2024 e cunha achega municipal.

## Retiran a simboloxía franquista da Escola de San Cibrán

O Concello de Gondomar levou a cabo as obras de "Rehabilitación e retirada da Simboloxía Franquista das Antigas Escolas de San Cibrán", obras que foron financiadas pola Deputación de Pontevedra dentro dada Liña A da Subvención concedida en 2023, para a Supresión da Simboloxía Franquista nos Espazos Públicos e a Rehabilitación e Sinali-



zación Histórico-Cultural dirixidos aos Concellos da Provincia.

As obras tiveron unha inversión

de 4.020,83 euros e consistiron en retirar unha placa con simboloxía franquista que estaba colocada na fachada oeste da edificación por onde se realizaba o acceso principal ao edificio, e foron completadas con traballos de rehabilitación para devolver a fachada ás súas características orixinais grazas á Liña B da mesma subvención.

## Charlas-obrairo sobre saúde feminina

Grazas a unha achega municipal e da Deputación, o Concello de Oia desenvolverá, ao longo do mes de outubro, unha serie de charlas-obrairo de carácter gratuito impartidas por unha experta en

actividade física feminina nas parroquias de Viladesuso, Mougás e Torroña. A formación será impartida por Natalia Gantes Mella, experta en actividade física para a muller, instrutora de método hipopresivo e asesora de lactancia.

CONFITERIA

# Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

# Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

## PONTEVEDRA

## O Foro Peinador e a Deputación reivindicán o galeguismo empresarial

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, reafirmou o compromiso do organismo provincial coa protección, normalización e difusión da lingua galega no acto "Galeguismo empresarial: comprometidos co futuro" promovido polo Foro Enrique Peinador e que tivo lugar no Salón de Plenos do Pazo provincial.

López informou do reparto de 200.000 euros entre os concellos para reforzar os seus servizos de normalización, o apoio con 150.000 euros a 35 municipios para actividades de fomento do galego, as axudas dotados con 150.000 euros para entidades sen fins de lucro para realizar as súas



actividades en lingua galega ou o apoio directo a editoriais, colectivos culturais, iniciativas empresariais ou producións audiovisuais en galego.

Por outra banda, a Deputación

esgotou as 1.000 entradas para desfrutar das visitas teatralizadas de Samaín ao Castelo de Soutomaior a realizarse todas as fins de semana de outubro e o 1 de novembro.

## A Valedora do Pobo esixe á Deputación a documentación sobre o Cine Fraga

A Valedora do Pobo, María Dolores Fernández Galiño, requiriu por segunda vez á Deputación de Pontevedra que, con urxencia, lle facilite a documentación necesaria que explique as razóns polas que o goberno provincial non lle dá acceso ao Grupo provincial Socialista á información sobre a ta-

xación do valor do Cine Fraga. Segundo o PSOE, a resposta da Valedora avala claramente á reclamación formal remitida pola voceira socialista, Ana Laura Iglesias, quen denuncia que desde fai dous meses vese imposibilitada de coñecer esta información pública ante a ausencia de resposta do goberno que pre-

side Luís López.

A deputada do PSdeG-PSOE solicitou a información da taxación do Fraga o pasado 1 de xullo, e volveu a rexistrala 10 días despois, sen que ata o momento tivera contestación algunha do goberno da Deputación, "saltándose amplamente o prazo legal de 5 días naturais para dar unha resposta".

## IX Xornada de Onomástica Galega en Pontevedra

Baixo o título Os outros nomes, a RAG realizará o 19 de outubro no Museo de Pontevedra a IX Xornada de Onomástica Galega que xirará arredor da ciencia e a intelixencia artificial, a música tradicional, os fanzines e os nomes que se lles impoñen na actualidade aos animais de compañía.

O evento, que conta coa colaboración da Deputación e do Museo de Pontevedra, está coordinado pola académica de número Ana Boullón e a académica correspondente Luz Méndez, membros do Seminario de Onomástica da RAG. Participarán o neurofisiólogo e comunicador científico Xurxo Mariño, Martin Pawley, da Agru-

pación Astronómica Coruñesa Ío, Noelia García Díaz, Elisa Fernández Rei, Adina Ioana Vladu e Carmen Magariños Iglesias, do Instituto da Lingua Galega da USC, Noemí Basanta, Ramón Mariño Fernández, Anxos García Fonte e rematará contador e poeta Celso Santamartín, cunha actuación titulada Dikir o nome e esperar o eco.

## Deputación e UVigo liderarán proxectos de desenvolvemento

Ambalas dúas entidades acordaron impulsar dez proxectos de investigación nos novos dos campus de Vigo e Pontevedra dentro da liña de achegas a iniciativas investigadoras, na que a institución provincial destina preto de 80.000 euros a través dun convenio coa

Universidade. Os proxectos beneficiarios das axudas abordan cuestións como a intelixencia artificial, a recollida de lixo, a natureza, a cultura, a conservación de especies, a bioloxía, o sector dos coidados ou, entre outras, o reto demográfico.

## Carmela Silva presidirá a Comisión de Orzamentos do Senado

A presidenta do PSdeG, Carmela Silva, está á fronte da Comisión de Orzamentos do Senado. Os membros da comisión elixiron á senadora por Pontevedra para ocupar a presidencia, na que sucede a Ximo Puig, recentemente nomeado embaixador de España ante a OCDE. Carmela Silva é tamén primeira tenente de alcalde do Concello de Vigo, presidiu a Deputación de Pontevedra (2015-



2023) e foi portavoz do Grupo Parlamentario Socialista no Senado e deputada no Congreso en diferentes lexislaturas.

## Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes

A partir do 20 de outubro estará na zona acristalada do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra a mostra de pintura que a Deputación puxo en marcha como actividade paralela ao encontro Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes, que se celebrará neste mesmo espazo o 17 e 18 de outubro.

A relación de obras expostas é a seguinte: "A sinalar a Ría" e "Simbiose", de Sofía Muñiz Somoza; "Rastro" e "Blur II", de Laura López Ignacio; "Vuela" e "Libre bajo el cielo", de Ainhoa Lage Moldes; e "Autopía (azul)" e Clash "(vermello)", de Daniel



Jácume Rodríguez. O encontro Pontevedra Literaria traerá á cidade de Pontevedra a escritores de gran prestixio como Héctor Abad Faciolince, Manel Loureiro, Arantza Portabales, Ángela Banzas, Rafa Cabeleira, Rodrigo Cota, Alexander Vórtice, Xulio Teixeira e Sandra Ferreiro García.

**ALFESO**  
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONS  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontearas T. 986 66 00 00

forjados  
hinos. duran s.l.

www.forjadosduran.com

José Manuel Andrade | Director da Fundación Juana de Vega e coordinador do estudo "Reforma sobre a planta local galega"

## "A actual configuración municipal de Galicia non é viable a medio e longo prazo"

O pasado 19 de setembro, a Xunta de Galicia organizou o congreso "Reforma do mapa municipal de Galicia" no que foi presentado o "Estudo sobre a planta local galega", elaborado

pola Fundación Juana de Vega en colaboración coas tres universidades galegas. Falamos co director desta Fundación, José Manuel Andrade, sobre os pormenores deste informe.

**Vostede coordinou xunto coas tres universidades galegas o "Estudo sobre a planta local galega". Cales son os obxectivos do mesmo?**

O obxectivo deste traballo técnico e académico é analizar a situación da planta local galega no contexto español e europeo, os procesos de remodelación desta en Europa e as súas distintas dinámicas de evolución. Tamén avaliar desde diferentes perspectivas se a planta local galega, que data de mediados do século XIX, é válida no contexto actual e o impacto que poderían ter as fusións nas contas municipais. Outro dos fins do traballo é o de abrir un debate sobre a necesaria reforma da planta local galega que, ao meu xuízo, habería que abordar con altura de miras, valentía e perspectiva de país.

**O estudo analiza sete casos hipotéticos de fusións de Concellos. Por que cre que son os máis significativos?**

Non diría que son os máis significativos, son os que escollemos para a realización deste traballo porque responden a diferentes realidades: Concellos pequenos rurais do interior e da costa, Concellos turísticos, un Concello grande con outro da súa área de influencia, toda unha comarca, etc. En todo caso, convén sinalar que se trata dunha simulación que

pretende calcular o impacto económico mínimo que derivaría dunha hipotética fusión deses Concellos, tendo en conta só o factor económico, pero sen entrar a analizar outros aspectos xeográficos, demográficos ou de opinión da cidadanía ao respecto das posibles fusións, que son fundamentais en calquera proceso desta natureza. Os datos económicos indican unha clara mellora do financiamento dos Concellos resultantes desa hipotética fusión e, por tanto, da súa capacidade de prestar servizos á cidadanía. **Galicia ten aproximadamente 2.700.000 habitantes divididos en 313 concellos. En termos demográficos e de desenvolvemento socioeconómico, considera viable manter a actual radiografía municipal ou, polo contrario, cre que é preciso cambiala?**

Eu considero que a actual configuración non é viable a medio e longo prazo e a alternativa non pode ser a de non facer nada, é dicir deixar todo como está. Coa actual dinámica demográfica en moitas zonas do interior de Galicia moitos Concellos quedarán sen capacidade de prestar servizos á cidadanía ou os que presten serán a un custo moi alto, acentuándose, por tanto, o declive demográfico e comprometendo o dinamismo socioeconómico, sobre todo nos

espazos rurais. Destacaría ademais que a propia cidadanía, a través da enquisa que realizamos a mil persoas no marco do traballo, considera que hai que actuar na remodelación da planta local galega.

**A fusión dos Concellos é a única opción ou existen outras alternativas? Pensemos nas comarcas ou mancomunidades.**

Neste traballo non só se estudan as fusións de Concellos senón tamén outras fórmulas de cooperación intermunicipal como son as mancomunidades, os consorcios e as áreas metropolitanas. As conclusións indican que estas non teñen funcionado axeitadamente, non renden contas, carecen da axeitada transparencia e os resultados destas outras fórmulas son moi limitados. A mellor opción, para min, e dígoa a título persoal, é o da fusión municipal e non estou falando aquí en nome dos autores do informe, que poden ter, ou teñen algúns, unha opinión diferente á miña.

**A nivel estatal, observa outros casos similares?**

A nivel estatal, o único proceso de fusión recente é o dos Concellos de Don Benito e Villanueva de la Serena en Badaxoz. Contou co respaldo da cidadanía que votou a favor do proceso por ampla maioría, aínda que este quedou finalmente en suspenso -de momento- pola falta de acordo da cidadanía co novo nome proposto para o Concello resultante. Tamén tivo que ver, loxicamente, o cambio político que se produciu nas últimas eleccións municipais no Concello de Don Benito, cunha



**"Neste traballo non só se estudan as fusións de Concellos senón tamén outras fórmulas de cooperación intermunicipal como son as mancomunidades, os consorcios e as áreas metropolitanas"**

Alcaldesa contraria á fusión. Haberá que esperar a ver como evolucionan as cousas, pero penso que este proceso aínda non está morto. O que si pon de manifesto é unha cousa moi importante a ter en conta: a participación social, a transparencia e a información son clave para o éxito destes procesos.

**Como entende que se debería presentar un cambio desta envergadura para que os poderes políticos locais non se sentisen agraviados?**

Os poderes políticos locais deben ser conscientes da realidade na que vive o seu Concello e da súa capacidade para prestar, e seguir prestando no futuro, servizos de calidade aos seus veciños e das alternativas que teñen para mellorar, e a fusión é unha delas. Eu penso que o proceso debe abordarse con transparencia desde o principio, partindo de estudos previos rigorosos que teñan en conta a realidade socioeconómica e demográfica dos Concellos, as relacións funcionais entre eles,

que avalíen o impacto económico que o proceso de fusión vai ter, e, sobre todo, facer partícipe desde o principio á cidadanía afectada de toda esta información con claridade e transparencia, que como xa dixen, é clave para o éxito do proceso.

**Por que cre que este tema non se comenta entre os poderes e movementos políticos do Estado?**

É unha cuestión que xera polémica, sentimentos encontrados, opinións moi diversas no conxunto da cidadanía e dentro incluso dos mesmos partidos. Creo que na política hai unha propensión xeneralizada a escapar ou evitar tomar decisións sobre cuestións que podendo axudar a transformar e mellorar realidades complexas, poden ter como efecto un custo político no curto prazo. Neste sentido gustaríame poñer en valor a aposta da Xunta de Galicia por impulsar estudos deste tipo, para abrir un debate serio sobre un tema que máis cedo ou máis tarde haberá que abordar.

**"Gustaríame poñer en valor a aposta da Xunta de Galicia por impulsar estudos deste tipo, para abrir un debate serio sobre un tema que máis cedo ou máis tarde haberá que abordar"**

## OPINIÓN

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

## O silencio non ten nada de sensato

Evidentemente moita xente estamos expostos a perdernos na palabra, precisamente porque a empregamos e dámosla a coñecer privada ou publicamente, ben sexa en escenarios ou, senón, na dimensión próxima da contorna. Ben certo é que quen fala ou escribe corre o risco de meter a pata unha e mil veces, de pisar os seus propios significados e mesmo contradicións. Estamos feitos delas, de contradicións clandestinas, de contrastesfurtivos na lóxica tan ilóxica. Non así quen cala e prevalece no silencio, quen habilmente se esconde na mudez ou na mentira. O caso é que veño defendendo que hai moita xente que tamén se esconde na equidistancia, na neutralidade. Faino sen recato, pensando que os demais somos parvos e asistimos engaiolados a ese discurso superior de “non mollarse”, xuíces de escrupulo limpo. Cren que manterse nesa cómoda distancia de non tomar parte fainos imparciais ou ecuánimes, mesmo máis obxectivos. Pero non é certo, non. Por moito que proclamen a súa inocente neutralidade, non é tan inocente. Deben saber que esa equidistancia á que soben é hipócrita. Si, pode resultar moi sedutora e elegante pero é falsa e enganosa, mesmo simulada. Explícome porque pretendo



explicar que esa neutralidade, tan cómoda na que descansan moitos “opinadores de salón” ou xuíces de escaparate, que tanto abundan, para min non lles lexitima porque -precisamente- non se mollar. Non lles dá obxectividade nin dereito, porque ao mesmo tempo permítelles aparentar, estar por riba do ben e do mal pero sen compromiso. Proclaman sempre que hai extremistas (os demais) e radicais (tamén os demais) e din que hai moita xente en alerta (tamén allea) que defenden outra realidade. En ningún dos grupos están eles. Ese discurso é moi vello xa, resultaralles coñecido. Si, deixan caer que eles están no medio, no alto diría eu, para controlar

a uns e outros desde esa súa preferencia na que se permiten xulgar e, no mesmo acto, terxiversar. Crense nun plano diferente e superior, onde segundo eles está o lugar xusto para a perspectiva veraz, moito máis racional que calquera das partes que se opoñen e discuten. E, desde ese lugar son quen, xa con autoridade, de permitirse descargar as súas iras desprestixiando -normalmente con insulto- a súa preclara “clarividencia”. Son os pícaros de sempre, con frases lapidarias e moi convincentes. Son as persoas arteiras que nos venden a moto, que se permiten colocar o que é xusto onde a eles lles convén e, ao mesmo tempo, desviar a atención desde o seu trono autoritario, salvando a reputación e argumentando ideoloxías alleas, alleantes e fracasadas. Mais seguen sen se mollar, sen estar nin co seu deus -se o teñen- nin co demo, anque veñan do inferno. Están por riba de todo iso, son superiores e miran a todos desde moi arriba. Non andan pola superficie da terra, navegan moito máis arriba. Así o fan saber nas redes sociais e nos medios, onde son amos e señoras, onde odian a uns e a outras, onde admiten unha independencia na que se esconden e defenden para ocultar a falta persoal de compromiso, a covardía. É un mal moi común, que se dá en próximos e alleos, na contorna e fóra dela. Presumen de neutros e desa complicidade co poder, coas desigualdades, cos intereses de recurso. En nada colaboran

para clarificar e conquistar valores que determinen xustiza e proporción, comprensión e tolerancia. Abundan no problema e rindos demais nun complexo remuíño de palabras para non dicir o que pensan, para non ofenderse a si mesmos nos conflitos que xorden entre as rutinas da vida. Pero sei que son perceptibles, que se ven e se senten, que se acomodan, que andan na ponderada arte de non definirse, de non tomar parte nin partido, de non alzar a voz, de arredar desa función crítica -que é de compromiso, claro. Están coa vítima e co verdugo, cos agresores e agredidas, xustificando sempre as diferencias e as deficiencias, as inxustizas, desequilibrios, xenocidios, desigualdades, a perversión dos dereitos humanos. E consenten as precariedades que temos diante dos ollos, nos servizos públicos e nas consideracións máis necesarias. Son un fábrica de insolidarios que recrean machismos, sexismos, racismos e todo iso que lexitima a exclusión e o autoritarismo, mais non resolven e caen na inmoral condición de tirar pedras e agachar a man. Todos sabemos de grande número delas e deles, van vitoriosos sempre. E sorrín a todo o mundo. Mirade que os veredes, están aí diante de nós.



Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

## Falar cos defuntos

No dicir dos antropólogos os defuntos están sempre próximos, mesturados cos vivos nunha interacción que traspasa a vida cotiá. Este aserto pódese comprobar facendo visitas aos nosos cemiterios a calquera hora do día; sempre hai alguén poñendo flores ou limpando a lápida do nicho. Ou mantendo unha reflexión íntima co defunto. Son maioritariamente mulleres.

Hai pouco tempo visitaba en compañía da miña amiga Sara Soto o cemiterio de Vilanova dos Infantes. Mentres comentabamos a desgaleguización das tumbas, decateime da presenza dunha muller. Observeina con interese, porque o primeiro que fixo foi persinarse, e despois, con moito recolleto, estivo dous ou tres minutos perante o sartego, interpretando que mantiña un diálogo coa memoria da súa nai que repousaba baixo aquela tampa de granito. Cando rematou, bicou a tampa do sartego. Encarna, que así se chama a señora, permitíume que a fotografase naquel trance. Díxome que despois de deixar arrombada a casa, achegábase ao camposanto para repetir o mesmo rito todos os días.

Aquela imaxe tróuxome á memoria un



poema de Rosalía de Castro escrito en 1880 no que describe con exactitude eses ritos repetidos acotío nos cemiterios: “D’os vivos amigos sodes/mortos que ali tés descanso,/e nin os nenos vos temen./ Visítanos cada día,/falan convosco rezando/auga bendita vos botan/n’a sepultura ó deixaros.../E !Hastra mañán” se despíden/de vós para o seu traballo”.

Esta práctica devota que os galegos manifestamos polos defuntos, que en vida foron galegofalantes, realízase nun contexto anómalo: os epitafios das lápidas están

escritos maioritariamente en castelán. Esta circunstancia é o resultado dunha inercia de moitos séculos, porque a Igrexa non inculturizou a fé. Pero tamén pola falta de autoestima dos galegos e galegas. Lembro que en certa ocasión pregunteille a unha señora que limpaba a sepultura porque o epitafio estaba en castelán. Púxose moi seria e preguntoume con certo aquel de malestar; e que mal lle fai? Aquel que está aí, indicándome outra sepultura, ríase do meu pai chamándolle analfabeto por non saber falar o español; por iso lla puxemos nós en español, pensaba el que o papá ía ser menos?. E unha cousa leva a outra: as esquelas publicadas nos medios de comunicación ou espalladas por outros medios están escritas maioritariamente en castelán.

Cómpre que os concellos galegos, cumprindo co mandato legal de fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos sociais, se sumen á iniciativa da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística co evocador rubro de “En galego, agora e sempre”. A proposta consiste en colocar unha placa na porta dos cemiterios rendéndolle homenaxe á “parroquia dos mortos”, con este texto: “Na memoria de todas as persoas que xacen aquí, porque grazas a elas Galicia segue a ter cultura e lingua de seu”; que se complementa coa

substitución de epitafios en castelán por outros en galego, sempre que os herdeiros manifesten a súa aprobación.

Este ano, máis de trinta concellos participarán con cadanseu Día de Restauración da Memoria Lingüística. Facemos reconto dalgúns deles. Colocaranse novas lápidas, en San Xoán de Río, no panteón onde xace o exmilitar da Unión Militar Democrática, Octavio Vázquez Sotelo; en Coles, en San Eusebio da Peroxa, substituiremos a do compositor e celebrado director da Coral de Ruada, Manuel de Dios. En Terra de Montes identificaremos cun acaído epitafio en galego a lápida de Avelino Cachafeiro, deica agora en castelán, como o gran gai-teiro que foi; e en Vilanova dos Infantes faremos outro tanto coa do P. Silva, fundador da Cidade dos Muchachos.

Cómpre mudar o que está mal, sobre todo no daquelas persoas senlleiras que en vida pertenceron a grupos folclóricos, orféons e corais polifónicas, que foron transmisoras da nosa tradición oral. É un contrasentido que agora, despois de mortas, as súas memorias se perpetúen en castelán.

Este mes estará inzado de actos de pedagogía galeguizadora en moitos cemiterios do país.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

## O Foro inmobiliista da Toxa

Desde que existe o Foro da Toxa (2019) constitúe marca da casa, alén da falla de respecto pola lexislación toponímica galega, a definición duns relatorios nos que, no canto de tentar reflectir o pluralismo social e político da Galicia, do Estado e de Portugal, convídanse sistematicamente persoeiros vencellados a unha escolla política moi concreta: a defensa da Monarquía, de España como Estado-Nación e a intanxibilidade da Constitución de 1978.

O Foro di defender os valores da democracia liberal, mais esquece sistematicamente convidar persoeiros non aliñados co PP ou co PSOE (e destes sempre se convida ás persoas máis próximas ás teses inmobiliistas de Felipe González, Alfonso Guerra et alter). Como esquece a forza relativa dos soberanismos catalán, vasco e valenciano, a pertenza dun terzo dos deputados galegos ao soberanismo do BNG e máis a existencia dunha esquerda estatal



allea ao PSOE. Para máis os relatores e organizadores, mallando ano a ano (e xa van seis) na súa ilegalidade toponímica, non reflicten nos temas elixidos nin nos seus relatores a pertenza da Toxa a un país chamado Galicia cunha identidade lingüística e cultural de noso e cunha especificidade social e económica ben defi-

nida. Organízase o Foro na Toxa como se podería ter organizado na Castellana de Madrid ou na praia de Marbella.

Fóra dos convidados institucionais son sempre omnipresentes no Foro Núñez Feijóo, Mariano Rajoy e Felipe González. Nesta edición de 2024, Felipe González defendeu unha reforma constitucional ("re-seteo" definiuna) para garantir a integridade territorial de España como "Estado-Nación", mentres Rajoy defendeu o bipartidismo PP-PSOE (nidamente o bipartidismo dinástico) como a fórmula de representación cidadá máis democrática e operativa. Dous Presidentes que amorean 20 anos de exercicio (28 se lle engadimos o aznarato) exclúen do sistema millóns de cidadáns do Estado que acreditan na súa formulación plurinacional ou que escollen opcións estatais alleas a este bipartidismo ou nacionalistas, soberanistas ou mesmo territoriais, vetando calquera evolución democrática cara esa plurinacionalidade ou cara ao afondamento nas liberdades e valores democráticos que di defender o devandito Foro.

A mensaxe é ben clariña. Hai persoas

que pensan e votan ben e outras que pensan e votan revirado. O marco xurídico-político é irremediábel se non é para garantir aínda meirandes graos de desaxuste coas novas realidades e preocupacións da cidadanía. E, por riba de todo, reflíctese que só hai un discurso político correcto e respectábel ao que compre se acheguen todos os actores políticos, sociais e mediáticos, baixo ameaza de ser considerados perigosos antisistema ou, cando menos, persoas e organizacións non dignas de creto nin de confianza.

O discurso político único que leva desenvolvendo dende 2019 o Foro da Toxa descoñece o pluralismo nacional, social e político do Estado español e a identidade propia de Galicia, afastando do foco e do debate as opinións democráticas que non coinciden coas súas teses inmobiliistas a respecto da convivencia nunha España que xa non existe como a pensan estes que din defendela.



Por Nemésio Barxa

## Na luta polo idioma

Quarenta anos de Ditadura mais outros quarenta de pseudodemocracia no seu afago unificador e excluinte, foram erosionando as línguas nacionais periféricas, mas a dignidade por defender o propio idioma de galegos, vascos e catalães mantive a permanencia idiomática propia dentro de cada Nación, não sem graves retrocessos e constantes reivindicações.

Na Galiza a Lei 03/83 de Normalización lingüística vinha a reconhecere o galego como idioma propio de Galiza, de especial protección, cooficial com o castelhaño, com direito a ser usado e incluso reivindicado seu uso normal, perante as Administrações e tribunais de Justiça; e sinalava a RAG

como autoridade de referencia.

Não foi pacífico o exercicio dos direitos lingüísticos (limitados) que reconhecera, mas a chegada á Presidência da Xunta de Alberto Núñez Feijoo, a liberdade de uso as línguas cooficiais que ele anunciava, foi um de tantos engados com que o Sr. Feijo nos "obsequiou" aos galegos. Ditouse uma nova regulación muito mais restritiva, excluiu-se o idioma de vários estudos e limitou-se o direito a seu uso. Radicalmente agressivo contra o uso do idioma foi seu referente de atuação até deixar a Presidência e continua desde Madrid, impedindo seu uso no Senado, e na própria Galiza a través de seu protegido o galeguicida Sr. Rueda. A Xunta, especialmente Sanidade,

acumula o maior número de reclamações por vulneração de direitos lingüísticos, no ensino carece de continuidade e uso normalizado e tampouco vai melhor na empresa privada. Mas a língua segue a mostrar sua potencialidade, excluída da Lei do Audiovisual e das canles de dobragem passou a impor-se por direito próprio com produtos originais no próprio idioma que conseguirem importantes reconhecimentos em concursos cinematográficos no Estado e Internacionais.

Tal vez onde tem um uso mais pacífico e socialmente considerado é em Euskadi, país sem maiores influências da direita nem da ultradireita. Porque nas Illas Baleares, que teve uma importante implantação, e em Valencia, feble no seu viver idiomático, a chegada aos governos de PP e VOX propiciou um pato para frenar o ensino do catalão que consideram também

como uma mensagem para Catalunya. En Catalunya o TSJC obriga á comunidade escolar a impartir o 25% das classes em castelhaño, decisão recorrida pela Generalitat e confirmada polo TS; menos mal, e de algo valerá que o Conselho de Europa e o Comité de Expertos da Carta Europeia das Línguas minoritárias manifestou sua grande preocupação por esta resolução judicial e adverte do deterioro do idioma em Valencia e nas Illas Baleares devido ás políticas de PP e VOX. Impulsado por Junts novamente se intenta o uso dos três idiomas no P.E.

Sempre o odio ao diferente, mas seguimos a manter o otimismo.

Quinta do Limoeiro, outubro do 2.024



# www.novasdoeixoatlantico.com

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Fotografía:** Departamento propio

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:**

**GALIZA:** Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.

**PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

**Humor:** Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

**EIXOATLANTICO**  
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARDA

## Deputación e PNO! porán en valor o patrimonio inmaterial galego-portugués

A Deputación de Pontevedra destinará con 15.000€ á Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!, recoñecida pola UNESCO, para a retransmisión e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués a través da organización de oito obradoiros de radio e podcast en centros educativos entre outubro e novembro e para a celebración do Día Internacional do Patrimonio o 15 de novembro no Centro Cultural de Valadares en Vigo.

Os obradoiros celebraranse no CEIP Petelos de Mos, no CEIP Seis do Nadal de Vigo, no CEP Altamira de Salceda de Caselas, no IES San Paio de Tui, no IES do Barral de Ponteareas, no IES Terra



do Turonio de Gondomar, no IES Luís Seoane de Pontevedra e no IES de Salvaterra de Miño.

Ademais, a Deputación e PNO! colaborarán na organización do Día Internacional do Patrimonio o 15 de novembro no Centro Cultural de Valadares en Vigo. Esta

celebración consistirá nun acto público e nunha emisión por radio e internet. O acto contará cunha actuación musical e nel participarán os premiados do Certame de Ponte nas Onda "As imaxes do patrimonio".

## O BNG celebra a decisión da UE de anular acordos con Marrocos



A eurodeputada do BNG, Ana Miranda considera unha boa nova para o Pobo Saharaí a anulación, por parte do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) os acordos comerciais de 2019 entre a UE e Marrocos en materia de pesca e de produtos agrícolas.

En nome do BNG, Miranda valorou moi positivamente esta "sentenza histórica" que dá a

razón ao Fronte Polisario, xa que recoñece que a UE non consultou ao lexítimo dono, o Pobo Saharaí, na negociación destes acordos polo que vulneran a autodeterminación. Destaca tamén que con esta decisión "ábrese unha nova etapa para o Pobo Saharaí, unha nova etapa para as relacións europeas e galegas na que debe primar a xustiza e o respecto dos dereitos humanos".

## Salvaterra protagoniza episodio da RAG

Salvaterra de Miño é a protagonista do novo episodio da serie O Seminario de Onomástica responde da Real Academia Galega. O académico de número e profesor da UVigo Gonzalo Navaza explica dende o Concello arraiano o significado do seu nome actual e do que o precedeu, Lazoiro, que se supón que facía referencia ás pesqueiras situadas



no río Miño.

Navaza lembra que o nome completo é Salvaterra de Miño e non \*do Miño porque nos topónimos tradicionais os nomes dos ríos van sen artigo. O rei Afonso VIII impúxolle a esta localidade o nome de Salvaterra con motivo da carta foral que lle concedeu nos últimos anos do seu reinado, en 1228.

## Altri irá á Comisión de Peticións da Eurocámara



No inicio da Comisión de Peticións da Eurocámara, a eurodeputada do BNG, Ana Miranda, denunciou a cancelación impulsada polo PP "da voz de moita cidadanía galega" ao eliminar da orde do día a comparecencia dos colectivos contrarios a instalación da macrocelulosa Altri en Palas do Rei. Por outro lado anunciou que a

petición correspondente a Altri tratarase na Comisión de Peticións correspondente ao mes de novembro.

"Tanto desde o BNG como desde o noso grupo Verdes - Alianza Libre Europea non nos imos render en algo que é un clamor da cidadanía galega", asegurou a eurodeputada do BNG na súa intervención.

## "Reencontros con Galicia"

O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, recibiu no aeroporto de Santiago de Compostela aos participantes do programa Reencontros con Galicia, procedentes de Venezuela, Cuba, O Brasil, A Arxentina e O Uruguai.

Este programa ten como obxectivo facilitar o contacto das e dos galegos do exterior maiores de 65 anos coa Galicia actual e coas súas familias.

O programa, que conta con máis de 30 anos de experiencia, permite que 200 galegos resi-

dentes no exterior poidan gozar de diversas actividades de lecer e de coñecemento do patrimonio natural e cultural durante a súa estada, do 8 ao 19 de outubro. Os participantes estarán aloxados nas residencias de tempo libre da Xunta en Panxón e Carballiño.

Servizos técnicos forestais e obra do rural

**Xirela**

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS  
Tlef. 986 078 071

**M**  
INMOBILIARIA  
**MERCA VENDA**

Casas  
Locales  
Finca  
Pisos

Ventas  
Alquileres  
Tasaciones  
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020  
Avenida Rosalía de Castro nº4, baixo, 36860 Ponteareas  
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com